

As asociación abaixo asinantes, **con motivo da recente apertura dun centro de atención a familias separadas creado pola Asociación de Pais e Nais Divorciados de Galicia co apoio económico da Xunta de Galicia,**

EXPOÑEN:

- Que, segundo a información que figura na páxina web da asociación, se trata dun servizo público de atención a familias en situación de divorcio ou separación e que recibe financiamento da Consellería de Política Social.
- Que o centro pretende ofrecer servizos de mediación e de coordinación parental, eidos que poden chegar a ter unha enorme relevancia no desenvolvemento do procedemento civil cando se deban tomar decisión sobre o réxime de custodia e/ou visita dos fillos-as menores de idade.
- Que, polo tanto, unha actuación inaxeitada neste ámbito pode poñer en risco o benestar de persoas menores de idade.
- Que, como o propio nome da entidade indica, a Asociación de Pais e Nais Divorciados de Galicia é un colectivo formado en gran parte por persoas afectadas, que son ou foron parte en procedementos xudiciais.
- Que nun servizo destas características tanto a selección de persoal como as decisión sobre a situación laboral das persoas traballadoras queda en mans da propia asociación.
- Que todos estes feitos crean un potencial risco de uso indebido do servizo.
- Que polo tanto non é adecuado que unha entidade destas características realice este tipo de tarefas que deben ter, como punto de partida, a imparcialidade.
- Que é preciso ter en conta, asimesmo, o posicionamento da asociación en contra da Lei de Violencia de Xénero e da Lei de Igualdade, por considerar que atacan os dereitos humanos, así como a súa constante intención de minimizar o impacto da violencia de xénero.

Por último, queremos deixar constancia, a maiores, do noso rexeitamento da figura do coordinador parental, suxeita a patente por parte de Fundación Filia, que leva aos espazos públicos o seu discurso negacionista da violencia de xénero e o abuso sexual infantil e defende a ideoloxía sap, a día de hoxe rexeitada pola comunidade científica internacional.

Rexeitamos dende hai anos a formación a favor da sap que ofrece a Unidade de Psicoloxía Forense da USC, así como o programa “ruptura de parella, non de familia” por considerar que se trata dunha forma encuberta de aplicar a sap.

Lembramos, asimesmo, que a mediación é positiva só se se realiza de forma voluntaria e que debe evitarse sempre cando existan indicios de violencia, especialmente cando se trate de vítimas de especial consideración como no caso de violencia de xénero ou maltrato infantil.

POR TODO O CAL, SOLICITAN:

O peche do Servizo de Apoio Familiar, Integral e Multidisciplinar (SAFIM) e a retirada do apoio financeiro que con este fin ten entregado a Consellería de Política Social.

Atentamente



CIF G70266044
agammeferrol@gmail.com
AGAMME

O Coordinador de AGAMME

En Ferrol, a 2 de decembro de 2019



1. ADAVAS Baixo Miño (Asociación de Axuda a Víctimas de Agresións Sexuais e Violencia de Xénero) , 2. AGAMME (Asociación Galega contra o Maltrato a Menores), 3. ALVIXE (Asociación de Loita contra a Violencia de Xénero), 4. Asociación Amizando, 5. ARELAS (Asociación Galega de Menores Trans), 6. Asociación Cultural Fuco Buxán, 7. ASOCIM (Asociación de Profesionais dos CIM), 8. Asemblea Feminista Paxaretas, 9. Asemblea de Mulleres Galiza Nova, 10. BNG (Comisión Nacional de Acción Feminista), 11. CIG (Secretaría das Mulleres), 12. Colectivo Feminista de As Pontes, 13. Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galiza (CEESG), 14. Enclave Feminista Galicia, 15. En Marea, 16. Espazo Feminista Marín, 17. Esquerda Unida, 18. Librería de Mulleres Lila de Lilith, 19. Marcha Mundial das Mulleres, 20. Maternidades Feministas, 21. Mulheres Nacionalistas Galegas, 22. Mulleres Cristiás Galegas, 23. Observatorio da Mariña pola Igualdade, 24. Plataforma Feminista Galega, 25. Podemos Galicia. 26. PSdeG-PSOE (Secretaría de Igualdade e Agrupación Socialista de Ferrol), 27. Rede de Mulleres Veciñais de Vigo contra os Malos Tratos, 28. Sindicato Labrego Galego (Secretaría da Muller), 29. Zeivas Colectivo Feminista de Marín.